

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**5848** *Real decreto 487/2009, do 3 de abril, polo que se modifica o Real decreto 894/2005, do 22 de xullo, polo que se regula o Consello de Consumidores e Usuarios.*

O Real decreto 894/2005, do 22 de xullo, polo que se regula o Consello de Consumidores e Usuarios, levou a cabo a modificación da estrutura e do funcionamento do dito Consello coa finalidade de adaptalo ás novas necesidades derivadas da evolución social e económica, á complexidade dos mercados e á propia evolución do dereito de consumo.

Porén, a modificación do citado real decreto resulta ineludible con obxecto de adaptar as súas disposicións ás consecuencias que derivan da Sentenza do 5 de febreiro de 2008, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, que estimou en parte o recurso interposto fronte a este, declarando nulo o seu artigo 3, número 6.

Ao mesmo tempo, cómpre incorporar as novidades introducidas na materia pola Lei 44/2006, do 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios, e incorporadas ao vixente texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Prescínlese, por tanto, de requisitos de acceso ao proceso selectivo, como a antigüidade na inscrición no libro de rexistro que se levaba no Ministerio de Sanidade e Consumo, que a Sala entende como restrición insostible, acudindo directamente á regulación contida no artigo 33.1 e 38.1 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias; estes últimos son os únicos criterios de representatividade que se toman en consideración.

Débese ter en conta, non obstante, que o artigo 33.1 do citado texto refundido modificou substancialmente o réxime de constitución das asociacións de consumidores e usuarios, e exixiu, en todo caso, para as de ámbito supraautonómico, únicas sobre as que o Estado conserva as súas competencias, a súa inscrición no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores e Usuarios.

Por iso e conforme o disposto no dito precepto, en relación cos artigos 23 e 38 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, prevese que o Consello de Consumidores e Usuarios estea integrado polos representantes das asociacións e cooperativas de consumidores inscritas no citado Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores e Usuarios.

Aprovéitase esta modificación, por último, para ampliar o número de vogais do Consello, dotándoo así dunha maior representatividade e adaptándoo ás necesidades do movemento asociativo actual, o que lle permitirá abordar de forma máis eficaz o seu labor, adecuando o seu funcionamento e o exercicio das súas competencias a esta nova composición.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios de ámbito supraautonómico.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de abril de 2009,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 894/2005, do 22 de xullo, polo que se regula o Consello de Consumidores e Usuarios.*

O Real decreto 894/2005, do 22 de xullo, polo que se regula o Consello de Consumidores e Usuarios, queda modificado nos seguintes termos:

Un. A letra a) do artigo 2 modifica a súa redacción nos seguintes termos:

«a) Emitir informe con carácter preceptivo nos casos previstos no artigo 39.2 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro. Os informes sobre disposicións de carácter xeral equivalerán ao trámite de audiencia previsto no artigo 24.1 c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.»

Dous. O número 1 do artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«1. O Consello de Consumidores e Usuarios estará integrado por un presidente, ata un máximo de 15 vogais en representación das asociacións e cooperativas de consumidores e usuarios inscritas no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores e Usuarios, un dos cales actuará como vicepresidente, e un secretario.»

Tres. O número 6 do artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«6. A selección das asociacións, federacións, confederacións e cooperativas de consumidores e usuarios para formar parte do Consello realizarase, de acordo co previsto nos artigos 33.1 e 38.1 do texto refundido da Lei xeral de defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, entre as máis representativas das que se encontren inscritas no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores e Usuarios.

Para estes efectos, seis meses antes da finalización do mandato do Consello, procederase por orde do ministro de Sanidade e Consumo á convocatoria do correspondente proceso selectivo.

Unha vez publicada a convocatoria, as asociacións interesadas deberán presentar unha solicitude de participación, á que se lle deberá xuntar a seguinte documentación:

a) Memoria descritiva da estrutura organizativa e funcional do concorrente á convocatoria, en que se comprendan, entre outros, datos referidos á estrutura e aos gastos de persoal (incluíndo persoal directivo), inmobles e locais propios ou arrendados en que se exerce a actividade e ingresos e gastos da entidade nos dous últimos anos.

b) Certificación do responsable legal da asociación ou organización acreditativa de que, na data de presentación da solicitude, segue cumprindo os requisitos exixidos para a súa inscrición no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores e Usuarios conforme o texto refundido da Lei xeral de defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.

O Instituto Nacional do Consumo poderá auditar en calquera momento o cumprimento, por parte das organizacións, dos anteriores requisitos na forma que considere pertinente. No caso de se comprobar a non-veracidade dos datos achegados e o conseqüente incumprimento dos requisitos exixidos por algunha das organizacións, procederase á exclusión desta do Consello de Consumidores e Usuarios.»

Catro. Os números 7 e 8 actuais pasan a ser 8 e 9 respectivamente e engádesse un novo número 7 ao artigo 3 coa redacción seguinte:

«7. Segundo o baremo que concrete a orde de convocatoria do proceso selectivo, para a valoración da representatividade das asociacións solicitantes teranse en conta os seguintes criterios:

a) A implantación territorial, para o que se considerarán os informes sobre representatividade das asociacións de consumidores e usuarios integradas nas de

ámbito supraautonómico, presentados para estes efectos polas autoridades de consumo das comunidades autónomas e das cidades con Estatuto de autonomía, conforme a súa lexislación específica e nos seus respectivos ámbitos territoriais.

b) O número de socios individuais, que non pode ser inferior a 10.000.

c) A traxectoria no ámbito da protección dos consumidores e usuarios, que se poderá acreditar nos termos que determine a convocatoria mediante criterios como a presenza en órganos de representación e consulta dos consumidores e usuarios, a participación no sistema arbitral de consumo, o exercicio de accións xudiciais en defensa dos intereses xerais dos consumidores e usuarios, o mantemento de servizos de consultas e reclamacións dos consumidores e usuarios, a realización de actividades informativas e formativas en consonancia cos fins atribuídos a estas entidades no artigo 23.1 do texto refundido da Lei xeral de defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, ou a disposición dun volume mínimo de recursos propios non procedentes de financiamento público.

d) Os programas de actividades que se van desenvolver que teñan por finalidade a realización de actuacións concretas de información, defensa e protección dos dereitos e intereses lexítimos dos consumidores e usuarios, non previstos no parágrafo anterior, e que sexan relevantes polo seu número, repercusión social ou importancia efectiva para os consumidores.

As solicitudes de asociacións ou organizacións non inscritas no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores e Usuarios non serán admitidas a trámite.

O Instituto Nacional do Consumo poderá auditar, en calquera momento e na forma que se coide pertinente, o cumprimento da veracidade dos datos achegados para a valoración da representatividade das asociacións solicitantes. No caso de se comprobar a non-veracidade dos datos achegados pola correspondente asociación na data da solicitude e durante o mandato do Consello de Consumidores e Usuarios, procederase á súa exclusión del.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 6 nos termos seguintes:

«2. O Pleno estará constituído polo presidente, o vicepresidente, os vogais e o secretario.

O Pleno é o órgano competente para aprobar o réxime de funcionamento interno do Consello, establecer as súas liñas xerais de actuación, realizar a previsión anual de gastos e aprobar a memoria anual.

Ademais, desenvolverá as funcións previstas no artigo 2 e aprobará os seus ditames por maioría, sen prexuízo da posibilidade de establecer por parte dos seus membros votos particulares nun determinado asunto.

O Pleno será o órgano encargado de designar os presidentes e vogais das comisións técnicas e dirixir o seu funcionamento. Así mesmo, poderá convocar expertos, seleccionados por razón da materia que se vaia tratar, e representantes de colectivos interesados ou afectados por esta.

O Pleno reunirase en sesión ordinaria mensualmente, logo de convocatoria do seu presidente, e en sesión extraordinaria por iniciativa do seu presidente ou cando o solicite, polo menos, a metade dos seus membros.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Habilitación normativa.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto procederase á aprobación da orde do ministro de Sanidade e Consumo de convocatoria para a selección

das asociacións, federacións, confederacións e cooperativas de consumo, integradas no Consello de Consumidores e Usuarios.

**Disposición derradeira segunda.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución española, sobre a competencia exclusiva do Estado, respectivamente, en materia da regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e en materia de bases e coordinación da planificación económica.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de abril de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Sanidade e Consumo,  
BERNAT SORIA ESCOMS